

A executiva provincial condena “enerxicamente” o suceso producido esta madrugada contra a Casa do Concello de Baralla

Os socialistas destacan que nada se pode conseguir violentando a normalidade democrática e a legalidade

Felicítanse de que “non houbese que lamentar danos persoais” e inciden en que “ante a gravidade do acontecido, non importan as siglas políticas senón estar ao carón do alcalde e dos veciños para demostrar que nesta batalla somos un”

LUGO, 1 DE OUTUBRO DE 2014.- A executiva provincial que dirixe Juan Carlos González Santín quere manifestar “a súa máis enérxica condena” a sucesos como o acontecido esta madrugada en Baralla, e que causou contiosos danos materiais na Casa do Concello, e expresar o seu apoio á Corporación e a todos os veciños do municipio.

Para os socialistas “en ningún caso estes actos están xustificados, pois, o uso da violencia, non supón ningún rédito político”. Así mesmo, consideran que, “nun país democrático, nada se pode conseguir violentando a normalidade democrática e a legalidade”. Deste xeito, o PSOE reafirma, unha vez máis, a súa confianza e apoio nos Corpos e Forzas de Seguridade na labor que xa están a desenvolver para esclarecer os feitos, e na defensa dos dereitos e liberdade de todos os cidadáns.

Os socialistas felicítanse de que “non houbese que lamentar danos persoais” e inciden en que “ante a gravidade do acontecido, non importan as siglas políticas senón estar ao carón do alcalde, da Corporación e de todos os veciños para demostrar que nesta batalla somos un. Dende o PSOE e dende a executiva provincial lamentamos profundamente o emprego da violencia sen ningún tipo de sentido que, en ningún momento, ten cabida nunha sociedade democrática como é a nosa”.